



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
correo@carnota.gal  
www.carnota.gal

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**ASUNTO:** APROBACIÓN DAS BASES DO CAMPAMENTO CONCILIA NADAL 2025

#### ANTECEDENTES:

1. Concilia Nadal pretende ser unha oferta educativa que, o Concello de Carnota, a través do Departamento de Servizos Sociais, lles ofrece ás familias co fin de conciliar a vida persoal, laboral e familiar durante as vacacións escolares de Nadal e, ao mesmo tempo, contribuír á formación socioeducativa da rapazada que participe neste campamento.
2. Este campamento está dirixido á rapazada de 3 a 12 anos.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

O artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece as atribucións que ostenta o alcalde.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Aprobar as bases do Campamento Concilia Nadal 2025 anexas a esta Resolución.
2. Dar conta desta Resolución ó Pleno.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O Alcalde  
Juan Manuel Saborido Rama

Dou fe. O Secretario  
José Luis Veiga Sierra

## BASES DO PROGRAMA CONCILIA NADAL

Concilia Nadal pretende ser unha oferta educativa que o Concello de Carnota, a través do Departamento de Servizos Sociais, lles ofrece ás familias co fin de conciliar a vida persoal, laboral e familiar durante as vacacións escolares de Nadal e, ao mesmo tempo, contribuír á formación socioeducativa da rapazada que participe neste programa, con actividades atractivas dende o punto de vista educativo, cultural e convivencial.

### 1.DESTINATARIOS/AS

O programa está dirixido á rapazada con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos (ambos incluídos) matriculados en Educación Infantil e Primaria, que estarán divididos en grupos de traballo segundo a idade.

### 2.PRAZAS OFERTADAS

O programa Concilia Nadal oferta 50 prazas para os nenos e nenas que cumpran os requisitos de admisión.

### 3.CRITERIOS DE SELECCIÓN (NON EXCLUÍNTES) E ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS

Para outorgar as prazas teranse en conta os seguintes criterios, segundo a puntuación que se indica na seguinte táboa:

| CRITERIOS PUNTUACIÓN                                                                                                                               | PUNTOS                                                    |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|
| Participantes empadroados/as no Concello de Carnota, xunto con, polo menos, 1 proxenitor/a ou titor/a legal, cunha antigüidade superior a 6 meses. | 20                                                        |
| Familias nas que ambos os proxenitores ou titores legais traballen ou familias monoparentais ou monomarentais traballando.                         | 6                                                         |
| Familia monoparental ou monomarental                                                                                                               | 2                                                         |
| Familia numerosa categoría xeral                                                                                                                   | 2                                                         |
| Familia numerosa categoría especial                                                                                                                | 3                                                         |
| Familias con fillas/os con certificado de discapacidade                                                                                            | 2 (por filla/o que presente certificado de discapacidade) |
| Vítimas de violencia de xénero                                                                                                                     | 2                                                         |
| Renda <i>per cápita</i> igual ou inferior a 10.000 €                                                                                               | 2                                                         |

A omisión de información ou a falsidade dos datos ou dos documentos achegados serán causa de denegación, con independencia da incoación do correspondente expediente sancionador.

A adxudicación das prazas realizarase da seguinte maneira:

Adxudicación directa: se as solicitudes non superan o número de prazas ofertadas.

No caso de que as solicitudes superen as prazas ofertadas, a selección dos/das aspirantes realizarase en función do cumprimento dos requisitos da táboa anterior, asignando praza directa aos que teñan a maior puntuación ata cubrir a totalidade das prazas.

No caso de que se produzan empates nas puntuacións, realizarase un sorteo público entre as/os aspirantes que teñan a mesma puntuación, realizaranse tantos sorteos como empates se produzan ata cubrir as prazas e establecer a orde da lista de agarda.

Dado que un dos obxectivos desta actividade é favorecer a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, nos sorteos que de ser caso se realicen, os irmáns irán na mesma papeleta.

#### **4.PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

O prazo para a presentación das solicitudes abrangue dende o 3 ata o 7 de novembro, ás 14:00 horas (ambos incluídos).

Cabe a posibilidade de valorar situacións familiares de especial dificultade, previo informe elaborado polo persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais.

Estes requisitos deben cumprirse na data da aprobación destas bases. O Concello resérvase o dereito de requirir canta documentación estime oportuna para xustificar a puntuación obtida.

#### **5.LUGAR E HORARIO DE REALIZACIÓN**

Este programa desenvolverase no pavillón polideportivo de Lamas de Castelo, do 22 de decembro ao 7 de xaneiro, agás os festivos. O horario será de 10:00 a 14:30 horas, máis ofrecerase a posibilidade de incorporarse ás 08:00 h da mañá, naqueles casos en que sexa necesario para favorecer a conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

#### **6.NORMAS DE FUNCIONAMENTO**

Deberanse comunicar á persoa encargada da actividade os cambios que se produzan en relación cos datos que figuren na folia de inscrición.

Prégase puntualidade na entrega e recollida da rapazada.

#### **7.OBSERVACIÓNS**

1. Recoméndase roupa e calzado cómodo.
2. Cómpre que os/as participantes traian merenda para a media mañá e unha botella con auga.

#### **8.COMISIÓN DE VALORACIÓN**

A comprobación dos criterios de selección será realizada por unha comisión de valoración, que queda constituída polos seguintes membros:

Titulares:

1. Educadora familiar do Concello de Carnota
2. Administrativa do Concello de Carnota
3. Técnica de información xuvenil do Concello de Carnota

Suplentes:

1. Traballadora social do Concello de Carnota
2. Técnica de cultura do Concello de Carnota
3. Técnica de normalización lingüística do Concello de Carnota

#### **9.PUBLICIDADE**

As bases e as resolucións que se diten neste procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carnota (<https://sede.carnota.gal/sxc/es/informacion/>) e na páxina web do Concello de Carnota (<https://www.carnota.gal/taboleiro-anuncios/>).

A lista de persoas admitidas, excluídas e a lista de agarda será publicada co nome e apelidos do representante da persoa para a que se solicita a praza.